

LETTRAS GALEGAS

ANXEL FER

Vida e obra



Claudio Rodríguez Fer



XERAIS



ÁNXEL FOLE

Vida e obra

Claudio Rodríguez Fer

Diseño de cubierta: Miguel Vigo
Maquetación: Bernardo Mendoza de la Torre

© Claudio Rodríguez Fer, 1997

© Ediciones Xerais de Galicia, S.A., 1997
Dr. Moretón, 12 - 36211 Vigo
ISBN: 84-8302-084-X
Depósito Legal: VG-33-1997
Impreso en Gráficas Númen
Velázquez Moreno, 16
36201 Vigo

EDICIONES XERAIS DE GALICIA



Morte e pervivencia póstuma

Nos seus últimos tempos a penas saía xa da casa da súa cuñada Fina Otero, coa que fora vivir tras a morte do seu irmán Salvador o 13 de maio de 1979, pero ali recibiu en moi animada conversa toda clase de visitantes e amigos. Nela morreu, dun paro cardíaco, ás dúas da mañá do 9 de maio de 1986. A noite anterior, a súa sobriña Concha, que o atendeu ata o final, leralle, porque el xa non vía para facelo, unha crónica sobre a noite dos coitelos longos en que Hitler ordenou ás S.S. liquidar as milicias paramilitares (S.A.), tema que, como todos os relacionados coa historia europea do século XX, tanto lle interesaba e sobre o que el mesmo tiña escrito («La noche de los cuchillos largos», *Hoja del Lunes de Lugo*, 8-7-1974).

Machadianamente, Fole, carente sempre non só de calquera ambición patrimonial, senón de todo sentido práctico para as cousas materiais, morreu ben «ligero de equipaje». A súa sobriña Concha recolleu a súa escasa roupa, a súa pequena biblioteca e os seus poucos efectos persoais. Entre os heteroxéneos e significativos papeis que gardaba encontráronse algúns apuntamentos (o guión «Falar en galego»), algunas copias (traduccions de poetas alemáns por Mercedes Pimentel, manuscrito de *A Galicia misteriosa de Anxel Fole*), algunas fotocopias (cantiga medieval de Meendinho, artigos e reseñas de temática foiana), algúns recortes de prensa (crónica da caída do Berlin nazi; lembranza de Rafael Cansinos Assens, reportaxe sobre pintura vasca) e algunha publicación (revista *Noticias de Yugoslavia*). Tamén gardaba Fole un pequeno epistolario, no que se encontra algunha correspondencia oficial (notificacións e felicitacións), outra relacionada con «Táboa Redonda» (sobre todo, dende Barcelona, de Xavier Costa Clavell, Manuel Rodríguez López e Xesús González Gómez) e cartas más estritamente persoais de amigos varios (Antonio Suárez –o impresor Villamarín– dende o seu exilio de Pau; Ramón Piñeiro e Xerardo Fernández Albor dende Compostela; Xesús Bal y Gay e Dionisio Gamallo Fierros dende Madrid e Santander; Claudio Rodríguez Fer dende Compostela, Salamanca e París).

Machadianamente, Fole, carente sempre non só de calquera ambición patrimonial, senón de todo sentido práctico para as cousas materiais, morreu ben «ligero de equipaje».

Ante a casa dos Quiroga, go Incio.



En 1987, *El Progreso* e Caixa Galicia promoveron en Lugo o I Premio Literario Ánxel Fole, que na súa primeira convocatoria, dedicada a estudos sobre o escritor que lle deu o nome, foi obtido por

***O trasmundo de Ánxel Fole*, da entón estudiante de Filoloxía no Colexio Universitario de Lugo Tareixa Castro.**

Disfrutando do campo.



De inmediato, *El Progreso* dedicoulle ao seu pasamento un número especial de «Táboa Redonda» coa participación de Xosé Trapero Pardo, Vicente Quiroga e Rafael Torres Mulas (10-6-1986); *La Voz de Galicia* destinoulle a primeira páxina do «Cuaderno de Cultura» con colaboracións de Manuel Rodríguez López e Claudio Rodríguez Fer (22-5-1986), e a revista *Outeiro* ofreceu un memorial a cargo de Xosé Trapero Pardo, Antón Fraguas e Avelino Abuín de Tembra (núm. 21, 1986). *Grial* consagrrou á súa memoria o número 95, correspondente a xaneiro-febreiro-marzo de 1987, no que colaboraron Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares, Luís Alonso Girgado, Tareixa Castro e Claudio Rodríguez Fer, e no que se incluíron diversos textos xa publicados. O 17 de maio de 1987 presentouse, tamén dedicado á memoria de Fole, o libro *Lugo blues*, con fotografías de Eduardo Rodríguez Ochoa e poemas de Claudio Rodríguez Fer. E Manuel Rodríguez López, en 1988, reuniu en *Viaxes con Ánxel Fole* as reportaxes que con tal título viñera publicando na prensa.

Sobre os actos públicos, cómpre dicir que, a título póstumo, en maio de 1986 dedicoulle unha sesión o Clube Cultural Valle-Inclán, na que interviron Paco Martín e Claudio Rodríguez Fer, e, en maio de 1987, a Sociedad General de Autores de España rendeulle unha homenaxe en Madrid e Lugo, con motivo da cal falaron o seu presidente Juan José Alonso Millán, máis Xerardo Fernández Albor, Domingo García-Sabell, Xosé de Cora, Xosé Trapero Pardo, Juan Soto, Benjamín Casal, Santiago Moncada, Rafael Torres Mulas (autor do folleto feito para a ocasión, *Ánxel Fole, Contar e cantar*) e Claudio Rodríguez Fer. Mentre, o Concello de Sarria dedicoulle unha rúa da vila en 1987, na que se erixiu un monolito de homenaxe en 1988.

En 1987, no Instituto Ánxel Fole descubriuse unha placa de homenaxe, repartíronse dez mil trípticos sobre a súa figura e promoveuse un mosaico mural inspirado na súa obra que, deseñado por Xosé Vizoso, se inaugurou en 1990 cunha conferencia de Claudio Rodríguez Fer en presencia das autoridades educativas. Neste mesmo centro editáronse dúas revistas escolares con senillas homenaxes a Fole: *A esgota* en 1988 e *L(embrando) A(nxel) F(ole)* en 1992.

Tamén postumamente, *El Progreso* consagrroulle diversas lembranzas (como a «Táboa Redonda» sobre «Táboa

Por supuesto, Fole é tamén consciente do estado de deturpación en que se encuentra o galego vivo e, polo tanto, o propio galego que emprega.

Logo non haberá de se estranar ún si tanto escribimos «bidueira» como «bidalo». As verbas do galego varean en poucos kilómetros. Cando en Sarria din «enozar», no Incio din, más arcaicamente, «enodiar».

Unha das funcións e misións da literatura actual galega é a de restaurá-la pureza do galego. Restaurá-lo galego, simpremente. Mais isto non é nada doado. Antre outras cousas, porque non se entende ben a cuestión. O que é arcaico ou crásico nunha comarca non é o arcaico ou crásico noutra. Tan arcaico é o «lostrego» ou «lóstrego» da terra luguesa como o é o «alústre» do Caurel.

A literatura culta, escrita, collendo deiqui e deili, vai formando, engordiño, paseniño, a futura unidade do galego literario. Por iso ningún debe ignorar, poñamos por caso, que «pre», que se di en Becerreá, é tan galego coma «pra», que se di cuaseamente en toda Galicia.

Cómpre engadir a isto que xa en *Terra brava* aludira ás diferencias léxicas e de xiros do galego:

A diferenzia do galégo de comarca pra comarca, en léxico e xiros, é grandísma... Sen ire más lonxe, por eiquí, no Incio, o verbo castelán refampaguear dixe «alústrar», pola terra de Sarria e do Páramo, «lústrigar», pola campía luguesa, «lostregar»... O adeversativo castelán aínda pódese decir «inda que», «inunque», ou «inque»... As ventanas chámasselos por eiquí «ventás»; más nautros sitios, «xanelas», «fiestras», «feneñtras»... Naigures aínda se lle chama á sartén, «tixola», i as tixeiras «tesouras»... (...) E logo «il», «ila», «iste», «aquel»... Ou «el» ou «ele», «ela»; «aquel»... E «chao» ou «chan», «irmao» ou «irmán»... Outra, o lio das vocás pechas i abertas... o «E» de «lea», corda, é ás veces tan pecha que soa «lia». E tamén, coma sentín decir por eiquí, «dia», «mau», en vez de «dea», «mão».

Reportaxes sobre excursións,

VIAJES CON ANXEL FOLE

Manuel Rodríguez López

EDICIONES DO CASTRO
1980. 128 páginas



Deturpación, castrapo e diglosia

Por supuesto, Fole é tamén consciente do estado de deturpación en que se encuentra o galego vivo e, polo tanto, o propio galego que emprega. Nunha leira sobre este asunto, fai dicir a un dos personaxes:

«E non lles parece que hai un pouco de descaste no noso pobo en deixar perder e derramar a súa fala?; según sentín a un



Homenaxe dos escritores de Lugo, en 1987.



A obra gañadora do primeiro premio Anxel Fole.

95 xaneiro
febreiro
marzo
Tomo XIV - 1987

GRIAL



Homenaxe a Fole e a Celestino en 1987.



Segunda edición, ampliada, de *Contos de lobos*, en 1989.

Na obra de Fole manifestase un trasmundo que reflexa quizais o inconsciente colectivo dos galegos.

Os fenómenos que forman este trasmundo son os temas centrais e o fio argumental básico da maioria dos relatos que componen a narrativa de Fole. Ademais, en ningún momento deixan de aparecer estes elementos ao longo da obra. É dicir, que a súa presencia é constante, pois como mínimo ocupan un plano secundario ou ambiental, mesmo nos contos nos que non conforman o tema central nem a base argumental.

As bruxas, meigas e sabias e tódalas súas características que aparecen na obra de Fole, están documentadas nos tratados etnográficos de Taboada, Risco, Fraguas e Rodríguez López.

A figura dos menciñeiros e compostorés e as súas actividades, interfiren moitas veces coas das bruxas, meigas e sabias, polo que tamén aparecen estudiadas conxuntamente nas obras etnográficas citadas.

Igualmente nos estudos etnográficos de Risco e Taboada, están recollidos tódolos remedios populares dos que fala Fole.

En canto aos maleficios presentes na obra de Fole, cabe dicir que aparecen rexistrados por Taboada, Rodríguez López e Risco.

As numerosas propiedades máxicas que se lles atribúen aos animais na obra de Fole, están documentadas por diversos autores. O lobo en Rodríguez Fer; o can en Fraguas, Rodríguez López e Risco; o gato e o sapo en Mariño; as noitaregas en Risco; a pega e o galo en Fraguas e a serpe en Risco.

As propiedades máxicas das cores, concretamente do negro, están rexistradas na etnografía de Rodríguez López. Na mesma obra están documentadas as propiedades máxicas dos números.

As características de tipo máxico que se lles atribúen aos días, principalmente ao martes trece e ao dia de Corpus Christi, na obra foieana están contrastados coas que presenta Risco.

- Tareixa Castro. *O trasmundo de Ánxel Fole*. Sada-A Coruña, Caixa-Galicia, 1987.
- Contos de lobos e outros relatos*, introducción, selección e notas de Claudio Rodríguez Fer. Vigo, Xerais, 1989.
- Celia Díaz Núñez. «Ánxel Fole. A fidelidade á terra quiroguesa». *Voces da Terra. Quiroga e os seus escritores*. Lugo, Concello de Quiroga, 1995.
- Claudio Rodríguez Fer, «Das lendas de Bécquer ás lendas de Fole» e «Ánxel Fole e o cine». *Acometida atlántica (Por un comparatismo integral)*. Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1996.

Entrevistas e reportaxes

- Francisco Rivera Cela. *Los lucenses*. Lugo, Celta, 1974.
- Xosé de Cora. *Homes de Fole*. Vigo, setembro, 1983.
- Carlos Casares. *Conversas con Ánxel Fole*. Vigo, Galaxia, 1984.
- Manuel Rodríguez López. *Viaxes con Ánxel Fole*. Sada-A Coruña, do Castro, 1988.
- Luís Rei Núñez. *Oficio de escribir*. Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1990.
- Vicente González Radio, Xulio Camba e Ánxel Fole, *xornalistas*. Santiago de Compostela, Coordenadas, 1991.
- Parlamento de las Letras Gallegas 1961*, edición de María Xesús Amado Silvar. Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1995.

